

Texto e ilustracións: **ROCÍO MARTÍNEZ**

Encadernado en cartóné.

40 páxinas en color. 22x22 cm

Dispoñible en:

- Galego: "Gato Guille e os monstros"
Demademora. ISBN 978-84-8464-555-9
- Castelán: "Guille y los monstruos"
Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-002-8
- Catalán: "El gat Guim i el monstres"
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-535-1
- Portugués: "O gato Gui e os monstros"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-37-8

Prezo: 13 €

GATO GUILLE E OS MONSTROS

Gato Guille estaba xogando na súa habitación. De súpeto escoitou un ruído estrano: Fiiuuuuu fiiuuuu... Asustouse moito e saiu correndo

Este álbum ilustrado aborda un tema interesante e habitual na vida dos nenos: o medo. Gato Guille é incapaz de quedar só xogando porque lle aterra calquera ruído estrano que chega aos seus oídos. Calquera son alleo aos seus xogos convértese na súa imaxinación nun monstro terrible que o axexa e está a piques de atacalo. A súa reacción inmediata é a de saír fuxindo na procura da protección da súa nai.

Mamá Gata é a única fonte de seguridade para o pequeno protagonista e segundo avanza a historia, o lector comprobará que tamén é a única capaz de desterrar eses temores. Porque no ecuador do relato, é a nai quen se asusta de todos os ruidos que previamente atemorizaran a Guille. Será daquela o pequeno gato quen a axude a perder o medo tomándoa da man e dándolle unha explicación razoable, habitación por habitación, a cada un dos sonidos que confundía con monstros.

Así, o aire que entra pola fiestra, a lavadora, o ascensor ou a cisterna que pinga resultan ser a orixe do medo infundado de Gato Guille e, por extensión, de Mamá Gata, que utiliza un eficaz recurso lúdico para inxectar valentía e confianza en si mesmo ao seu fillo. Mamá Gata é a alter ego da autora que, deste xeito, se dirixe aos pequenos lectores para transmitirles a idea de que o medo só está na mente de cada un e que hai que afrontarlo con decisión para vencelo.

Deseño, ilustracións e historia conxúganse para facer de "Gato Guille e os monstros" un libro ideal para ler e gozar cos nenos a partir de tres anos. Rocío Martínez utiliza a técnica do pastel para recrear personaxes e espazos cheos de dozura. Tamén xoga coas perspectivas para dar a sensación de que cada estancia da casa é un sitio inmenso, porque é así como os nenos máis pequenos perciben a realidade máis inmediata.

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com



Con esa sensación de amplitude acrecéntanse tamén as sensacións de intriga, medo e soidade que invaden a Guille. Pero os ambientes nunca chegan a ser ameazantes nin téticos, porque en todos hai elementos -xoguetes, roupa ou libros- que lle lembran ao lector que está nun lugar seguro, o fogar.

Non falta a particular homenaxe da autora a Maurice Sendak, autor de "Onde viven os monstros". Esta obra -editada por KALANDRAKA en galego, catalán e vasco- aparece representada nunha das esceas do libro. En canto ao deseño, os diferentes tamaños da tipografía e a disposición dinámica das palabras en cada páxina logran efectos visuais que enriquecen a narración e a mensaxe do conto: recursos coma as onomatopeis ou o maior tamaño das frases nos momentos onde se quere marcar picos de tensión, contribúen a sacarlle á historia todo o seu potencial.

ROCÍO MARTÍNEZ (Madrid, 1966)

Licenciada en Belas Artes pola Academia de San Fernando de Madrid, na especialidade de gravado. Dende 1990 adícase profesionalmente á ilustración de libros infantís e xuvenís. Pertence á Asociación de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil. Recibiu diversas distincións, como o Premio Nacional ao Libro Mellor Editado por *Tan Tan Mamut*, do que foi ilustradora. Tamén foi seleccionada para a Bienal de Ilustración de Bratislava en 1996 e para a Feira do Libro Infantil de Boloña en 1997. En 1999 obtivo un accésit do Premio Lazarillo. É a autora e ilustradora do álbum titulado "O monstro de Ricardo", editado tamén por KALANDRAKA.

- **Temática:** a superación dos medos, o fogar
- **Edad:** infantil
- **Aspectos destacables:** da ilustradora de "O monstro de Ricardo", referencias a "Onde viven os monstros"
- **Aplicacións:** recoñecer e superar situacións de temor; as relacións familiares